

## A datación dos restos paleolíticos de Arbo investigados polo IEM poderían chegar aos 500.000 anos.

Escrito por Alvaro Peralta  
Venres, 13 Xullo 2012 21:11

---



Os arqueólogos miñoranos comezarán a terceira campaña de escavacións que rematará cos estudos de datación nos laboratorios do CENIEH, de Burgos.

{jathumbnail off}



Todo comezou nunha das tantas percorridas que o prospector Manolo Ledo fai polas ribeiras do Río Miño, na pescuda de posibles enclaves arqueolóxicos agochados nas terrazas da fronteira galaico - portuguesa.

Na altura do Concello de Arbo, no medio dunha plantación de vides, atopou unha morea de

## A datación dos restos paleolíticos de Arbo investigados polo IEM poderían chegar aos 500.000 anos.

Escrito por Alvaro Peralta  
Venres, 13 Xullo 2012 21:11

---

pedras que chamaron a súa atención. Tres anos despois, e tralos traballos do equipo arqueolóxico do [Instituto de Estudos Miñoranos](#), estase a piques de confirmar que o ollo experto de Manolo descubriera o xacemento con ferramentas de pedra de tipo achelense máis antigo da Península Ibérica.

O equipo da Sección de Etnografía e Arqueolóxica do IEM que dirixen Eduardo Méndez e Xosé Lois Vilar, xunto cunha ducia de voluntarios, comezarán a terceira campaña de escavación no correr da próxima semana co obxectivo de lograr a datación absoluta do xacemento nomeado "O Cabrón", topónimo da localidade onde se atopou o achado. En máis de 300.000 anos xa fora datado polos arqueólogos miñoranos a partir das comparativas con outros enclaves do Achelense de similares características. Nembargante, os expertos do [Centro Nacional de Investigación sobre la Evolución Humana](#) (CENIEH), de Burgos no descartan que poida alcanzar o medio millón. Unha resonancia paramagnética electrónica nos laboratorios de Xeocronoloxía do CENIHE, dirixida polo Dr. Mathieu Duval dará o veredicto final.



## A datación dos restos paleolíticos de Arbo investigados polo IEM poderían chegar aos 500.000 anos.

Escrito por Alvaro Peralta  
Venres, 13 Xullo 2012 21:11

---

*"Todo parece indicar que estamos nunha ocupación recorrente deste lugar por parte de grupos diferente dun mesmo tipo de homínido, o homo heidelbergensis ou homo neanderthal arcaicos", indicou Eduardo Méndez (IEM), director dos traballos de campo.*



## **A datación dos restos paleolíticos de Arbo investigados polo IEM poderían chegar aos 500.000 anos.**

Escrito por Alvaro Peralta  
Venres, 13 Xullo 2012 21:11

---

Os investigadores supón que estes primeiros paisanos de vida nómade, desenvolveron actividades diferenciadas como a talla de ferramentas de pedra, consumo de animais e vexetais cunha tecnoloxía de tipo achelense, "pero que parece mostrar compoñentes funcionais e cognitivas diferentes ao longo do tempo"

Como nas campañas precedentes, as investigacións estarán avaladas cientificamente polos doutores Manuel Santonja e Alfredo Pérez-González do CENIEH de Burgos. Así mesmo, os traballos de investigación contarán coa axuda financeira do Concello de Arbo.

{youtube}GRGD4zHkaRk{/youtube}

**Valoración do Dr. Manuel Santonja (CENIEH) do xacemento**

## **A datación dos restos paleolíticos de Arbo investigados polo IEM poderían chegar aos 500.000 anos.**

Escrito por Alvaro Peralta  
Venres, 13 Xullo 2012 21:11

---

{youtube}nEA2PA15b8I&feature=plcp{/youtube}

**Valoración do xeólogo Alfredo Pérez González (CENIEH) d'O Cabrón**